

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 22 DE OUTUBRO DE 2020

Lista de asistentes

Presidenta, decana , coordinadora de calidade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

Estudantes

Casanova Cudeiro, Manuel

Membros da sociedade

Garrido Labrador, Begoña

Desculpan ausencia

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

PDI

Comendador Rey, Beatriz,

Membros da sociedade

Eguileta Franco, José María

A comisión realízase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o xoves 22 de outubro de 2020, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de xullo de 2020.

2.- Informe da presidenta.

3.- Validación, se procede, dos informes de coordinación do curso 2019-2020 para o Grao en Xeografía e Historia

4.- Validación, se procede, dos informes de coordinación do curso 2019-2020 para o Mestrado en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

5.- Validación, se procede, do informe do PAT para o curso 2019-2020 para o Grao en Xeografía e Historia.

6.- Validación, se procede, do informe do PAT para o curso 2019-2020 para o Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

7.- Validación, se procede, do procedemento DO-0301 Índice 05 Información Pública e Rendemento de Contas, que se implantará neste curso 2020-2021.

8.- Validación, se procede, do procedemento MC-05 Índice 05 Medición da satisfacción dos grupos de interese, que se implantará neste curso 2020-2021.

9.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de xullo de 2020.

Apróbase a acta por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza o seu informe indicando que o inicio de curso veu marcado pola crise da Covid-19, e pola instalación nas aulas da tecnoloxía adecuada para impartir a docencia síncrona. Coa posta en práctica desta modalidade, detectáronse distintas incidencias que se foron resolveron. Nestes momentos en 1º e 2º curso as clases teóricas impártense mediante docencia síncrona, con tres quendas de docencia virtual rotatoria, a maioría das prácticas son presenciais. Os cursos 3º e 4º están tendo practicamente docencia presencial porque non asiste todo o alumnado convocado na súa respectiva quenda. No suposto de que non houbera sitio, hai un aula habilitada (2.2) para seguir a docencia a través da aula remota.

Continúa comentando que o pasado luns os/as decanos/as e directores/as tiveron unha xuntanza co vicerreitor de planificación e sostibilidade, quen lle informou de que a Xunta de Galicia repartiu entre as universidades do SUG partidas de tests serolóxicos. Unha parte caducaban aos poucos días polo que houbo que planificar por parte dos centros do campus a súa realización o máis axiña posible. Contábase coa axuda do alumnado de 4º da Escola Universitaria de Enfermaría do Campus de Ourense, pero un día antes do comezo das probas houbo un problema porque o alumnado negouse a colaborar. Isto provocou un reaxuste na planificación inicial e obrigou a cambiar os días de realización dos tests en todos os centros. As probas na Facultade de Historia realizáronse o xoves, grazas a presenza da directora e da secretaria da escola de Enfermaría a quen agradecemos o gran esforzo realizado. Os resultados foron moi satisfactorios porque todos foron negativos.

O centro conta xa un novo bolseiro de colaboración que este ano será o alumno de 3º curso Amado Tierra Lozano.

En relación á temática relativa a Calidade, explicou que neste curso estamos a medio camiño da renovación da Certificación do Sistema. Neste momento temos todos os asuntos actualizados.

Recibimos, como ven sendo habitual, desde a Área de Calidade a Axenda para o novo curso. A idea era que hoxe puideramos pechar todos os trámites relativos ao curso 2019-2020, pero non será posible porque non se rematou o informe de coordinación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural punto que se propón retirar da orde día. Cando este documento sexa entregado realizaremos unha nova Comisión de Calidade e a correspondente Xunta de Facultade, probablemente pola vía de correo

electrónico.

Nas accións de Calidade da Universidade, a Facultade de Historia, este curso, non ten ningún proceso pendente; non hai que acreditar ningún título, nin hai proxectado o seguimento de ningunha titulación por parte da ACSUG.

Outro aspecto a comentar é que polo número de alumnos cos que actualmente conta a facultade, o próximo equipo decanal podería contar con dous vicedecanatos, a decana pensa que pode ser un aliciente para presentarse ao relevo.

En relación ás enquisas Covid do curso pasado que se realizaron para coñecer como veu o alumnado o cambio de docencia presencial á virtual os resultados foron satisfactorios, aínda que con escasa participación, porque unicamente contestou un terzo do alumnado convocado. Valoraron positivamente a aquel profesorado que realizou cambios para adaptarse á nova situación.

O venres día 30 de outubro realizarase a actividade do centro que ía ser en primavera. Un ano máis vai ser organizada pola empresa Xeitura. Realizarase tendo en conta todas as medidas preventivas motivadas pola Covid-19. Intervén Begoña Labrador da Soc. Cooperativa Xeitura para explicar o programa da actividade e as medidas de seguridade que se van ter. Esta actividade conta coa axuda da Vicerreitoría do Campus de Ourense.

3.- Validación, se procede, do informe de coordinación do curso 2019-2020 do Grao en Xeografía e Historia.

Hoxe desculpou a súa ausencia por ter obrigas docentes, a profesora e coordinadora do Grao, Beatriz Vaquero, pero a decana desexa agradecerlle o gran esforzo realizado durante a pandemia, resultando un importante apoio a súa labor de xestión. Respecto ao informe que se remitiu coas actas, comenta que é moi rigoroso, recollendo con precisión e de xeito claro a evolución do curso antes é despois do Estado de Alarma.

Valídase o informe por asentimento.

4.- Validación, se procede, do informe de coordinación do curso 2019-2020 do Mestrado en Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Como xa se indicou en informes este punto decae porque non se entregou en prazo a documentación.

Intervén o coordinador Fermín Pérez e pide desculpas por non ter realizado o informe, pero tiña moito traballo acumulado e non o deu feito. Pasa a referirse a situación do mestrado durante a pandemia, explicando que dada a súa modalidade semi-presencial, non se veu moi alterado pola

obligatoriedade da virtualidade. A plataforma e-meeting do Campus do Mar deseñouse para mestrados e doutoramentos, sendo capaz de soportar 20 sesións ao mesmo tempo e funciona perfectamente para grupos reducidos. Houbo algunha sobrecarga en algúns momentos, pero tiveron un carácter puntual.

Despois de intercambiar distintas visións relativas á importancia do cumprimento dos prazos, a decana solicítalle a Fermín Pérez que entregue o informe o día 2 de novembro para poder sometelo á validación da Comisión de Calidade e á aprobación da Xunta de Facultade que, reitera, serán por correo electrónico.

5.- Validación, se procede, do informe do PAT para o curso 2019-2020 para o Grao en Xeografía e Historia.

A presidenta explica as liñas xerais do informe. En relación coa participación nas enquisas, afirma que foi axeitada, tanto no primeiro cuadrimestre (presencial que se desenvolveu sen incidencias importantes), como para o segundo cuadrimestre marcado xa pola pandemia. Nesta circunstancia activouse unha enquisa a través da Secretaría Virtual, na que foi imprescindible a colaboración activa de Josefa Rodríguez Bouzas, xefa de negociado da Área de Apoio a Centros e Departamentos. O resultado da participación foi máis elevada que no primeiro polo que pensamos que sería convinte converter esta vía en habitual. Para implantar esta modalidade, debemos incluír a proposta como punto na orde do día para a vindeira Comisión de Calidade.

En relación á valoración do PAT, obsérvase un cambio notable en relación cos dous cursos anteriores, nos que 3º curso era o que realizaba unha valoración máis negativa. No 2019/2020 a valoración máis positiva correspondeulle ao 3º curso. Pensamos que é positivo que non se confirmase esa tendencia que comezaba ser preocupante.

6.- Validación, se procede, do informe do PAT para o curso 2019-2020 do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Neste documento remitido e redactado polo coordinador do PAT do título, Adolfo Fernández, recóllense distintas problemáticas. A decana enumera unha serie de incidencias que considera hai que corrixir:

I.- Queixas relativas aos requisitos técnicos dos equipos informáticos que o alumnado precisa e que deben dar cabida a determinados programas que se teñen que empregar necesariamente. Reclámase que haxa información previa e clara, dado que esta situación condiciona o seguimento de determinadas materias.

II.- En relación coas posibles temáticas do TFM que descoñece o alumnado, recoméndase realizar con anterioridade ao Nadal unha charla informativa na que participe o profesorado implicado para que o alumnado poida elixir temática e titor. Suxírese, dada a modalidade do título, que esta actividade sexa gravada.

III.- Se insta ao coordinador que responda en tempo ás consultas que se lle formulan.

IV.- En relación a demanda dun incremento das materias da área de humanidades sobre as tecnolóxicas, o coordinador indica que é unha demanda puntual e que actualmente é inviable porque suporía unha nova modificación da Memoria.

V.- Ante a ausencia dunha xornada de orientación profesional que reclama o alumnado na enquisa de satisfacción. Susana Reboreda propón que se recorra á Área de Emprego da UVigo, as súas técnicas preparan unhas xornadas de moi boa calidade e co perfil específico. Tamén se suxire que sexan gravadas.

O coordinador, intervén para indicar o seguinte:

En relación ao primeiro punto relativo aos requerimentos do sistema dos distintos programas informáticos a utilizar esta incidencia se presentou principalmente no curso 19-20. O profesorado do ámbito tecnolóxico argumenta que o que realizan son tarefas estándar. Tentouse que se fixeran as cousas máis doadas para as persoas do ámbito das Humanidades. Poderíase comunicar previamente as características técnicas que deben cumprir os equipos informáticos para poder cursar o mestrado. O problema é que algúns teñen equipos informáticos moi básicos que non soportan programas actuais.

En relación ao segundo punto relativo aos TFM, desde que existe o mestrado, realizábase un listado das liñas de investigación pero non unha reunión informativa, pero pode asumirse a alternativa proposta.

No terceiro punto relativo a contestar aos email, indica que reconece que non contesta todos os correos que recibe. Ás veces indica que non ten a resposta. Gústalle contestar cando ten a resposta axeitada, o feito de que non conteste a un correo electrónico non significa que non intente solucionalo. O problema é que non o comunica. Acepta as críticas, e intentará contestar o máis inmediatamente posible a todos os emails.

As cuestións relativas ao punto catro poden deberse a que que o pasado curso houbo un maior número de persoas do ámbito das humanidades.

E por último, en relación ao punto cinco, ata o de agora as Xornadas de Orientación profesional nunca se incluíron nas dinámicas do mestrado pero

evidentemente poden incorporarse novas dinámicas.

A decana indica que as Xornadas de Saídas Profesionais do Grao se realizarán o día 13 de novembro. O curso pasado non se puideron realizar polo Estado de Alarma, pero se subiron ás redes sociais as intervencións do curso anterior e houbo moitas visualizacións dos vídeos. Susana Reboreda volve incidir en que todas as persoas que desexen que se suba información ás redes da facultade que teñen que comunicalo á Secretaria e que se lles dará a oportuna difusión.

Realizadas estas aclaracións polo coordinador do mestrado, válidase o Informe do PAT do mestrado por asentimento.

7.- Validación, se procede, do procedemento DO-0301 Índice 05 Información Pública e Rendemento de Contas, que se implantará neste curso 2020-2021.

Explica a decana as liñas xerais do procedemento, expoñendo os aspectos novidosos que fan este procedemento moito máis sinxelo e intuitivo.

Valídase por asentimento.

8.- Validación, se procede, do procedemento MC-05 Índice 05 Medición da satisfacción dos grupos de interese, que se implantará neste curso 2020-2021.

Ao igual que no punto anterior, explica as liñas xerais do procedemento, expoñendo os aspectos novidosos que fan este procedemento moito máis sinxelo e intuitivo.

Valídase por asentimento.

9.- Rolda de intervencións.

Intervén Begoña Labrador para indicar que este ano pola Crise da Covid-19 non se realizaron as actividades de promoción das titulacións nos centros educativos que se tratarán de retomar neste curso.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.15 horas do día 22 de outubro de 2020, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba